

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TÍTULO

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

REGULAMENTO

Aprobado na Xunta de Facultade de Ciencias da Saúde

A Coruña, 21 de febreiro de 2014

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

1.- Definición do traballo

O Traballo de Fin de Mestrado consiste na realización por parte do alumnado dun traballo individual tutelado no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos durante o periodo de docencia do Título.

2.- Obxectivos

Son obxectivos xerais do Traballo de Fin de Mestrado:

- Habilitar no manexo de métodos e técnicas de investigación científica.
- Capacitar na búsqueda, xestión e organización da información.
- Desenvolver as habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado.
- Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita.
- Integrar os coñecementos asimilados sobre as diversas disciplinas impartidas durante o mestrado.

3.- Competencias:

- Capacidade para coñecer e comprender os aspectos de formación avanzada dun ámbito profesional ou campo da investigación en Ciencias da Saúde, así como formular propostas orixinais de investigación.
 - Capacidade de resolución de problemas no contexto profesional avanzado ou da investigación en ciencias da saúde e desde unha perspectiva multidisciplinar.
 - Capacidade de formular xuízos sobre as distintas fases e elementos que constitúen o proceso investigador.
 - Capacidade de comunicación oral e escrita dos resultados da investigación nun ámbito científico especializado de ciencias da saúde.
 - Capacidade para a aprendizaxe autónoma.
-

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

4.- Requisitos para a realización e a avaliación

Para defender o TFM o estudante terá superados todos os créditos necesarios para a obtención do título de Mestrado, agás os correspondentes ao propio TFM.

Para a súa defensa e avaliación, o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico.

Todos os TFM contarán con alomenos un director de TFM, este debe cumprir co requisito de ser profesor do mestrado. Ademais outros profesionais expertos poderán participar como directores do Traballo de Fin de Mestrado co aval favorable da Comisión Académica e da Coordinación Docente do correspondente Título. Cando o director do TFM non sexa profesor da UDC, a comisión académica asignará ao traballo un titor. Recoméndase que os directores dos Traballos de Fin de Mestrado sexan doutores. Un profesor non podera dirixir mais do 20% dos alumnos do mestrado, excepto en circunstancias excepcionais e previa autorización da comisión académica.

O traballo a realizar debe ser proposto e aprobado polo director e titor. Está aprobación farase constar segundo o Formulario oficial correspondente a cada un dos mestrados: Anexo I *Proposta de Traballo Fin de Mestrado* e entregarse por rexistro na secretaría do centro na data establecida pola comisión académica do mestrado.

O proxecto deberá ser aprobado pola Comisión Académica do Mestrado. No caso de valoración negativa axuntarase un informe razoado e darase un prazo de 10 días para que o alumno, coa aprobación do Director, subsane os defectos encontrados.

5.- Contidos i elaboración do traballo (actividades formativas)

5.1.- Temática.-

O Traballo de Fin de Mestrado deberá adscribirse as liñas de investigación ou grupos de traballo afíns ao Título.

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña

5.2.- Asignación dos traballos.-

O alumnado contactará cos directores para propoñer un tema do seu interese, podendo ser de elaboración propia ou ben referido ao catálogo publicado de cada título.

Se, ao remate do prazo, existira algún alumno que non tivera Director, éste será adxudicado pola Comisión do título de entre os profesores que non teñan a ningún alumno tutelado. A adxudicación farase tras un periodo de consulta entre os profesores e os alumnos. De non chegarse a un acordo, as adxudicacións faranse perante sorteo.

O alumno que queira cambiar de Traballo de Fin de Mestrado e/ou de dirección, deberá renunciar primeiro á adxudicación que teña mediante escrito motivado e dirixido ó Coordinador do Mestrado. A Comisión resolverá sobre a procedencia da renuncia e procederá, no seu caso, á asignación dun novo Director e/ou liña de traballo no prazo máximo de 15 días naturais, previo acordo das partes.

O profesor director que queira renunciar á súa dirección sobre un Traballo Fin de Mestrado, deberá dirixir escrito motivado ó Coordinador do Mestrado. A Comisión resolverá sobre a procedencia da renuncia e procederá á asignación dun novo Director e Traballo de Fin Mestrado, no prazo máximo de 15 días naturais, ó alumno, previo acordo das partes.

5.3.- Dirección.- As funcións do director serán as de asesorar ó alumnado na definición do traballo, no desenvolvemento das súas etapas, no esquema de traballo e na xestión do tempo. De xeito máis concreto, estas funcións serán:

- Asesoramento nos métodos de investigación e acceso ás fontes documentais.
- Asesoramento e revisión da estrutura, redacción e presentación do traballo
- Asesoramento na presentación, exposición e defensa do traballo.

5.4.- Tipos de traballo.-

O traballo estará estruturado de acordo co método científico.

Denominamos monografía a todo traballo científico escrito, produto da investigación ou dunha revisión bibliográfica, que estudia en forma exhaustiva un tema (problema)

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña

claramente delimitado, que o desenvolve en forma lóxica, e que ten obxectivo final transmitir o resultado da citada investigación.

O alumnado poderá elixir entre tres tipos de Traballos de Fin de Mestrado (ver Anexo II, *Instruccións para a elaboración dun Traballo de Fin de Mestrado*):

- a. **REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA.**- Esta modalidade pretende describir de forma actualizada o estado de coñecemento dun ámbito concreto da realidade da investigación sanitaria. O informe constitúe un documento, resultado dunha revisión sistemática e análise bibliográficas sobre un tema científico
- b. **TRABALLO DE INVESTIGACIÓN.**- O seu obxectivo é comunicar os resultados orixinais derivados do proceso de investigación levado a cabo polo estudante.
- c. **PROXECTO DE INVESTIGACIÓN.**- O seu propósito é aportar información útil e aplicable ao desenvolvemento dun proxecto de investigación novedoso. (*O mestrado en Xerontoloxía non contempla esta modalidade*)

6.- Presentación e estrutura do traballo

O Traballo de Fin de Mestrado deberá presentarse de forma individual e baixo a dirección de un ou dous directores. Poderá estar redactado en galego, en castelán ou en inglés.

A estrutura, letra e formatos deberán axustarse ó que se indica no anexo II.

7.- Entrega do traballo.-

A Coordinación do Mestrado fixará para cada unha das convocatorias a data límite de entrega dos traballos, de acordo ao calendario académico da UDC, que será comunicada ós alumnos con suficiente antelación.

Para que o alumno poda presentar o traballo, é requisito imprescindible que o director, ou titor, cumprimente por medios telemáticos, a través do portal da UDC, o informe no que acredite a idoneidade do Traballo de Fin de Mestrado

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña

Unha vez finalizado o traballo, o estudante deberá entregar:

- A través da plataforma moodle ou CESGA, segundo o mestrado, o traballo en formato electrónico (pdf).
- Unha copia do mesmo a través do correo electrónico ó coordinador do mestrado:
Mestrado en Xerontoloxía: admongig@udc.es
Mestrado en Asistencia en Investigación Sanitaria: mastermais@udc.es
Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia: rmf@udc.es
- Os estudantes do Mestrado en Xerontoloxía deberán entregar unha copia do traballo en papel a través de rexistro (Secretaría de Decano da Facultade de Ciencias da Saúde, Pavillón Modernista de Oza).

8.- Defensa e avaliación dos traballos

8.1.- Tribunal Avaliador.- A avaliación do traballo efectuarase mediante a súa exposición e defensa en acto público ante un Tribunal Avaliador. As Comisións dos títulos da Facultade de Ciencias da Saúde seleccionarán, entre o profesorado de cada título os membros do tribunal, que estará formado por:

- un/unha presidente/a (o profesor/a de maior rango académico e antigüidade).
- un vogal
- un/unha secretario/a (o profesor/a de menor rango académico e antigüidade).
- un/dous membros suplentes.

O Presidente do Tribunal Avaliador moderará a exposición oral do traballo. O Secretario encargarse de que a *Acta de Defensa e Avaliación* (Anexo IV) esté debidamente cumprimentada.

Unha vez nomeados os membros do tribunal por cada Comisión do título, coidando que roten sucesivamente todos os docentes implicados, procederase a reunir a Comisión Permanente da Facultade de Ciencias da Saúde, ou na súa falta e en caso de urxencia dos coordinadores xerais dos títulos, aos efectos de garantir unha repartición adecuada e equilibrada nos tribunais e a presenza de todos os profesores

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña

en cursos académicos sucesivos. Os profesores da Facultade de Ciencias da Saúde teñen o dereito e a obriga de formar parte dos Tribunais.

8.2.- Convocatoria para a defensa e avaliación do traballo.- A Coordinación do Mestrado convocará ao Tribunal Avaliador para a defensa dos traballos con suficiente antelación, de acordo ao calendario académico da UDC.

8.3.- Defensa e avaliación do traballo.- A defensa do Traballo Fin de Mestrado será realizada polo alumno en sesión pública. Consistirá na exposición oral do traballo durante un tempo máximo de 10 minutos, no que se dará conta dos aspectos máis relevantes da actividade realizada. O alumnado poderá axudarse dos medios informáticos e audiovisuais que estime pertinentes.

A exposición oral será en galego ou castelán, sendo preceptiva a autorización da Comisión Académica do Mestrado para realizar esta exposición noutro idioma.

Tras a exposición, os membros do tribunal poderán formular as preguntas e solicitar as aclaracións que consideren oportunas para poder xulgar a calidade do traballo, ás que o alumno deberá dar resposta. Así mesmo, o presidente do tribunal concederá a palabra ao(s) director(es) do traballo para realizar as aclaracións que considere(n) necesarias en relación co traballo.

Trala exposición de todos os alumnos, o Tribunal deliberará e procederá a dar a cualificación que se trasladará á Acta da Defensa e Avaliación.

8.4.- Cualificación.- A cualificación será numérica, podendo alcanzar o valor máximo de 10 e con expresión dun decimal, acompañarase ademais da súa correspondente cualificación cualitativa:

0 - 4,9: Suspenso (SS).

5,0 - 6,9: Aprobado (AP).

7,0 - 8,9: Notable (NT).

9,0 - 10: Sobresaliente (SB).

No caso de declararse non apto (cualificación numérica inferior a 5), a Comisión poderá facer chegar ao alumno e ao/s director/es as recomendacións que considere oportunas. O alumnado poderá presentar na segunda convocatoria oficial de exames (mes de xullo) o traballo debidamente modificado, para a súa nova avaliación.

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña

En casos xustificados, o Tribunal poderá solicitar á Comisión Académica, mediante escrito razoado, a retirada do traballo.

A Comisión cumprimentará e asinará a correspondente Acta de Cualificación, que se fará pública antes de que transcurran 24 horas desde a defensa do traballo.

8.5.- Acta da defensa e avaliación.- O Secretario do Tribunal Avaliador cumprimentará a acta da defensa e avaliación, que recollerá os datos pertinentes. A coordinación do Mestrado será a encargada de introducir as calificacións dos Traballos de Fin de Mestrado nas actas académicas. Os coordinadores de Mestrado son os responsables da asignatura de Traballo de Fin de Mestrado.

8.6.- Reclamación e revisión das calificacións.- Os estudantes terán dereito á revisión das avaliacións. Para este fin, deberán presentar na secretaría do centro mediante rexistro unha solicitude razonada da revisión da calificación obtida dirixida ao Presidente de Tribunal de Avaliación. O prazo máximo da presentación será de 5 días hábiles a partires da publicación da avaliación.

A Comisión Académica do Mestrado deberá arbitrar o procedemento específico que considere adecuado para resolver cada reclamación de xeito imparcial. En calquera caso, este procedemento sempre deberá incluír como mínimo a un membro do tribunal e ó/s director/es do traballo.

Dita resolución debease publicar nun prazo máximo de 10 días dende a data de interposición da reclamación.

9.- Publicación do traballo

Cando o Traballo Fin de Mestrado sexa evaluado positivamente, a copia en formato dixital podera incorporarse ao Repositorio Institucional da UDC (<http://ruc.udc.es>), quedando rexistrada coma unha publicación en formato electrónico. O alumno posee os dereitos de propiedade intelectual do traballo e pode non autorizar a publicación, para o que deberá entregar, no momento da defensa, ao presidente do tribunal, o impreso que se inclúe como Anexo V (Denegación de permiso de publicación) debidamente cumprimentado.

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

ANEXOS

Plantillas

ANEXO I:

**PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE
MESTRADO**

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO – Curso académico 20__-20__

**PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
EN ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN SANITARIA**

TÍTULO:

DATOS DO/A ALUMNO/A:

Apelidos: _____ **Nome:** _____

DNI/Pasaporte: _____

Teléfono: _____ **Enderezo electrónico:** _____

Título do Traballo de Fin de Mestrado: _____

O/A DIRECTOR /A 1:

Apelidos: _____ **Nome:** _____

DNI/Pasaporte: _____ **Teléfono:** _____ **Enderezo electrónico:** _____

O/A DIRECTOR /A 2 (OPCIONAL):

Apelidos: _____ **Nome:** _____

DNI/Pasaporte: _____ **Teléfono:** _____ **Enderezo electrónico:** _____

RESUMEN (MÁXIMO 200 PALABRAS)

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

FDO. O ESTUDANTE

ACEPTA/N a dirección deste Traballo de Fin de Mestrado.

Visto e prace **O/A** director/a:

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Visto e prace **O/A** titor/a

Asdo.: _____

A Comisión Académica do Mestrado, na súa sesión de _____ de _____ de 20_____
aprobou este proxecto para a realización do traballo de fin de mestrado.

**O/A secretario/A da Comisión
académica**

Asdo.: _____

SR./SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO MESTRADO EN ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN SANITARIA

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO – Curso académico 20____-20____

**PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
EN CIENCIA E TECNOLOXIA EN TERMALISMO E BALNEOTERAPIA**

DATOS DO/A ALUMNO/A:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____

Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Título do Traballo de Fin de Mestrado: _____

O/A DIRECTOR /A 1:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

O/A DIRECTOR /A 2 (OPCIONAL):

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

RESUMEN (MÁXIMO 200 PALABRAS)

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

FDO. O ESTUDANTE

ACEPTA/N a dirección deste Traballo de Fin de Mestrado.

Visto e prace **O/A** director/a:

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Visto e prace **O/A** titor/a

Asdo.: _____

A Comisión Académica do Mestrado, na súa sesión de _____ de _____ de 20_____
aprobou este proxecto para a realización do traballo de fin de mestrado.

**O/A secretario/A da Comisión
académica**

Asdo.: _____

**SR./SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO MESTRADO EN CIENCIA E TECNOLOXIA EN TERMALISMO E
BALNEOTERAPIA**

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



TRABALLO DE FIN DE MESTRADO – Curso académico 20__-20__

**PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
EN XERONTOLOXÍA**

DATOS DO/A ALUMNO/A:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____

Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Título do Traballo de Fin de Mestrado: _____

O/A DIRECTOR /A 1:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

O/A DIRECTOR /A 2 (OPCIONAL):

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Título proposto:

Palabras clave:

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

MEMORIA EXPLICATIVA DO TRABALLO

Debería conter os seguintes apartados:

- a) Resumen, arredor de mil palabras, co contido do proxecto (antecedentes, obxetivos da investigación, metodoloxía e plan de traballo).
- b) Sumario ou índice xeral (posible estrutura en capítulos e principais epígrafes do traballo que se vai realizar).
- c) Selección bibliográfica cas principais publicacións que se van utilizar.

Utilizar tantas páxinas como sexa necesario

O/A Alumno/a

Asdo.: _____

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

ACEPTA/N a dirección deste Traballo de Fin de Mestrado.

Visto e prace **O/A** director/a:

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Visto e prace **O/A** titor/a

Asdo.: _____

A Comisión Académica do Mestrado, na súa sesión de _____ de _____ de 20_____
aprobou este proxecto para a realización do traballo de fin de mestrado.

**O/A secretario/A da Comisión
académica**

Asdo.: _____

ANEXO II:

**INSTRUCCIÓN S PARA A ELABORACIÓN DO
TRABALLO DE FIN DE MESTRADO**

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

**INTRUCCÍONS PARA A ELABORACIÓN DUNHA
REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA**

Terá a estrutura dun artigo de revisión, contendo os seguintes apartados:

APARTADOS	DESCRICIÓN
<u>Índice</u>	
<u>Resume estruturado</u>	Terá os seguintes apartados: obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións. O resumo deberá estar dispoñible en castelán/galego e en inglés.
<u>Introducción</u>	Reseña do estado actual dos coñecementos, incluíndo as referencias bibliográficas máis importantes así como as lagoas de coñecemento existentes sobre o tema.
<u>Formulación da pregunta de estudo</u>	Presentará de xeito estruturado o obxecto de estudo (poboación de estudo e intervencións a estudar).
<u>Metodoloxía</u>	Describirá a estratexia de busca empregada (bases de datos consultadas e datas nas que se consultou, descritores e limitacións acordadas) e os criterios de inclusión e exclusión establecidos para a selección dos resultados da busca bibliográfica.
<u>Resultados</u>	Incluirá os resultados da selección de artigos, evaluando a validez de cada un dos artigos seleccionados. Recoméndase incluír táboas dos artigos seleccionados, cunha avaliación de cada un.
<u>Síntesis dos resultados, conclusións e discusión</u>	Incluirá aportacións orixinais da revisión, que non teñan sido publicadas previamente.
<u>Agradecementos</u>	(opcional)
<u>Bibliografía referenciada</u>	As referencias bibliográficas describiranse dacordo ó estilo Vancouver ou APA.
<u>Apéndices</u>	(opcional)

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

**INTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN
TRABALLO DE INVESTIGACIÓN**

Será un artigo científico orixinal coa estrutura característica do propio ámbito de coñecemento do traballo. De modo orientativo, poderá conter os seguintes apartados:

APARTADO	DESCRICIÓN
<u>Resumen estructurado</u>	Incluirá, se é pertinente, os seguintes apartados: obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións. O resumo deberá estar dispoñible en castelán/galego e en inglés.
<u>Introducción</u>	Presentar de forma concisa unha breve reseña do estado actual dos coñecementos, incluíndo as referencias bibliográficas máis importantes.
<u>Metodoloxía</u>	Deberá incluír a descrición da poboación ou grupos de estudo, o deseño seleccionado, os procedementos necesarios e os métodos de análise de resultados. Así mesmo deberán incluírse os aspectos éticos oportunos en caso de ser necesario.
<u>Resultados</u>	Esta sección poderá incluír a elaboración de taboas e/ou figuras que describan os resultados principais de modo sintético. A elaboración das mesmas debe atenerse ó estipulado no regulamento (anexo III)
<u>Discusión</u>	A discusión serve para analizar, avaliar e interpretar os resultados, coincidencias e discrepancias entre autores e a nosa investigación. Debense formular opinións, novas hipóteses, sempre en base a evidencias científicas demostrables.
<u>Conclusións</u>	Esta sección debe incluír aportacións orixinais do autor e que non teñan sido publicadas previamente.
<u>Agradecementos</u>	(opcional)
<u>Bibliografía referenciada</u>	As referencias bibliográficas describiranse de acordo ó estilo Vancouver ou APA.
<u>Apéndices</u>	(opcional)

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

**INTRUCCÍONS PARA A ELABORACIÓN DUN
PROXECTO DE INVESTIGACIÓN**

O Proxecto de Investigación do Mestrado deberá conter os seguintes apartados:

APARTADO	DESCRICIÓN
1. Resumo estruturado	Incluir de modo breve os obxectivos do proxecto e a metodoloxía empregada para o seu desenvolvemento. O resumo deberá estar dispoñible en castelán/galego e en inglés.
2. Antecedentes e estado actual do tema	Presentar de forma concisa o estado actual dos coñecementos, incluíndo as referencias bibliográficas máis relevantes.
3. Bibliografía máis relevante	As referencias bibliográficas describiranse dacordo ó estilo Vancouver ou APA.
4. Hipótese	Formular de modo claro e preciso o suposto a estudar.
5. Obxectivos	Indicar cal é a finalidade do proxecto e das metas concretas que se plantexan. Reseñar obxectivos xerais e/ou específicos.
6. Metodoloxía	Incluir tipo de deseño seleccionado, mostra de estudo, análise de datos e limitacións do mesmo.
7. Plan de traballo	Establecer gráficamente o desenvolvemento do traballo previsto indicando escalas de tempos e reparto de tarefas a través da elaboración dun cronograma.
8. Aspectos éticos	Indicar os requisitos éticos relacionados co ámbito do proxecto (consentimento informado, etc.). Identificar e garantir o cumprimento dos principios éticos e da normativa xurídica referida á investigación.
9. Aplicabilidade	Describir as principais aplicacións prácticas derivadas da consecución do proxecto-
10. Plan de difusión dos resultados	Indicar os congresos e revistas científicas (indicando o seu factor de impacto) nos que se darán a coñecer os resultados da investigación.
11. Financiación da investigación	<p>10.A.- RECURSOS NECESARIOS:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Infraestrutura necesaria (indicar o tipo de centro no que se desenvolvería o proxecto).2. Recursos humanos necesarios.3. Material funxible e inventariable, e distribución orzamentaria do mesmo). <p>***Indicar o coste de cada item e o coste final:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Gasto de persoal2. Bens e servizos:<ol style="list-style-type: none">a. Material inventariableb. Material funxiblec. Contratacións de servizos (especificar)d. Outros gastos (especificar)3. Viaxes e dietas (participación en congresos; outros) <p>10.B.- POSIBLES FONTES DE INVESTIGACIÓN:</p> <p>Indicar as posibles fontes de financiación pública (convocatorias públicas autonómicas, estatais, europeas, etc.) e/ou privada. Argumentar brevemente o motivo da selección.</p>

* A extensión de cada apartado é orientativa.

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

Formato do Traballo: Contará cunha extensión mínima de 25 páxinas e máxima de 50 en papel tamaño DIN A-4. Poderá estar redactado en galego, en castelán ou en inglés. O estilo e tamaño da letra será uniforme en todo o texto (arial 12 puntos) e o interliñado utilizado será de 1,5.

No caso de táboas poderase empregar arial 11 co fin de que as mesmas se axusten ás páxinas

As marxes axustaranse ás seguintes dimensións: superiores e inferiores de 3 cm, lateral esquerdo de 4 cm e lateral dereito de 3 cm.

O texto debe estar paxinado, centrando os números na marxe inferior

No pé de páxina debe incluírse o título do traballo, que non ocupará máis dunha liña.

No caso de títulos longos que ocupen mais dunha liña, incluírse un título abreviado.

O documento do Traballo de Fin de Mestrado incluírá obrigatoriamente:

a. Portada do Traballo de Fin de Mestrado.- Realizarase cumprimentando o **Anexo III**

b. Relación de directores do Traballo de Fin de Mestrado.-

c. Índice.- Xuntarase en folla aparte un índice con todos os títulos e subtítulos, que irán numerados na marxe esquerda. Así, un título numerarase con un número, e os seus subtítulos con dous números, es os subtítulos dos subtítulos con tres números, e así sucesivamente. Exemplo:

- 1. Estrutura do óso
- 1.1.- Introducción
- 1.2.- Tecido óseo
- 1.2.1.- Matriz ósea
- 1.2.1.1.- Matriz orgánica
- 1.2.1.1.1.- Coláxeno
- 1.2.1.1.2.- Proteínas non coláxenas

O documento do Traballo de Fin de Mestrado tamén poderá incluír:

d. Figuras.- Serán citadas no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada figura irá numerada na orde de citación no texto e acompañada dun pe de figura no que se explique brevemente o que se pretende ilustrar. Tomaranse como referencia as pautas establecidas no estilo Vancouver ou APA. As lendas das correspondens figuras identificadas con números arábigos.

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña

- e. Táboas.- Ó igual que as figuras, cítanse no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada táboa irá co número romano, independentemente das figuras, na orde de citación no texto e acompañarase dun breve título explicativo. Tomaranse como referencia as pautas establecidas no estilo Vancouver ou APA.
- f. Acrónimos.- Debe indicarse o seu significado a primeira vez que se utilizan no texto.

Unha vez finalizado o traballo, este enviarase dende o Tribunal á Biblioteca para que a incorpore ao seu depósito de traballos académicos, sempre que o alumno non exprese a súa oposición, xa que o traballo é da súa propiedade intelectual.

Consideracións para o/a estudante que incidirán na calidade do traballo:

- Respectar os requisitos éticos e xurídicos da investigación, con especial atención á protección da confidencialidade da información e dos datos de carácter persoal.
 - Realizar unha búsqueda exhaustiva da información a tratar, respectando as normas de protección de datos.
 - Incluír citas bibliográficas recollidas en bases de datos científicas e revistas con factor de impacto.
 - Evitar, se é posible, citas que non sexan exclusivamente científicas: notas de prensa, revistas de divulgación e outros.
-

ANEXO III:

PORTADA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

MESTRADO EN _____

ESPECIALIDADE: _____

Curso académico 20__ - __

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Título (Arial 18, negriña, minúsculas, interliñado 1,5)

Nome e apelidos (Arial 14, negriña, minúsculas)

Data de presentación do traballo (Arial 12, negriña, minúsculas)

ANEXO IV:

ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE
Mestrado en.....

Campus de Oza, s/n
15006 A Coruña
Tel.: 981 167000 Fax.: 981 167165
<http://www.udc.es/fcs>

ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO – Curso académico 20____-20____

Especialidade do mestrado:

Alumno/a:

O Tribunal constituíuse ás _____ horas do día ____ / ____ / ____ cos seguintes membros:

Presidente/a: _____

Vogal: _____

Secretario/a::: _____

INFORMA QUE este Traballo de Fin de Mestrado merece a seguinte valoración:

	CUALIFICACIÓN NUMÉRICA (DE 0 A 10)	ANOTACIÓNS
PRESENTACIÓN FORMAL DO TRABALLO		
CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS		
METODOLOXÍA		
RELEVANCIA E RESULTADOS		
EXPOSICIÓN E DEFENSA		

O TRIBUNAL outorga a seguinte cualificación NUMÉRICA:

A Coruña, a ____ de _____ de 20____

O/A Presidente/a

Vogal

O/A Secretario/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

ANEXO V:

Denegación de permiso de publicación

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña



Curso académico 20__-20__

TÍTULO:

DATOS DO/A ALUMNO/A:

Apelidos: _____

Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____

**Título do Traballo de Fin de
Mestrado:**

Mestrado en: _____

Polo presente documento, como autor do Traballo de Fin de Mestrado arriba indicado informo que NON autorizo a súa incorporación en formato dixital ao Repositorio Institucional da UDC (<http://dspace.udc.es/>), quedando rexistrada como unha publicación en formato electrónico

Coruña a de de 20

Asdo.: _____

ANEXO VI:

OUTRAS RECOMENDACIÓNS

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado

Facultade de Ciencias da Saude

Universidade da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ao traballo que o estudante terá que presentar para superar o seu período de docencia esixiráselle CALIDADE e como tal, algúns dos aspectos que se deberán cumprir son:

- Incluir citas bibliográficas recollidas en bases de datos científicas e revistas con factor de impacto.
- Evitar, na medida do posible, citas que son sexan exclusivamente científicas (non divulgativas): notas de prensa, revistas de divulgación, etc.
- Ter en consideración que a maioría das citas con factor de impacto estarán en inglés (idioma científico).
- Realizar unha procura moi exhaustiva sobre o tema a tratar.

Para elaborar o traballo de acordo aos criterios de calidade, será necesario seguir os seguintes pasos:

1.- Selección do tema dentro da área temática específica seleccionada.

En colaboración co director/es do traballo, seleccionar o/s tema/s de traballo, coas preguntas seguintes:

- ¿Existe un problema científico?.
- ¿Qué esperamos obter?.
- ¿O tema é de interese práctico ou teórico para o autor e para a comunidade científica? (Criterio de interese) Pódese acceder á información para a realización da monografía? (Criterio de viabilidade).
- Claridade.
- Actualidade.

Os temas seleccionados deberán de ser aceptados polos seus respectivos directores.

2.- Planificación.

- Tempo dispoñible.
- Disponse xa de bibliografía e/ou coñecemento.

Planificar: Débese ter en conta que para realizar un bo traballo, unha aproximación do investimento en tempo inclúe: procura bibliográfica 20%, análise bibliográfica 40%, elaboración informe 30% e axustes 10%.

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

3.- Procura bibliográfica.

Realizárase unha procura exhaustiva nas bases de datos científicas (ISI Web of Knowledge, Medline, Embase, entre outras). Deixarase constancia da busca realizada (estratexia empregada, bases de datos consultadas e data na que se realizou) no traballo presentado.

Libros, manuais, publicacións científicas orixinais, revisións, monografías

4. Avaliación, análise, interpretación e síntese da bibliografía.

- Realizar unha 1ª lectura superficial a modo de resumo xeral.
- Aquelas citas de interese leeranse detidamente e subliñando as ideas principais e secundarias máis relevantes.
- Seleccionar os artigos máis adecuados para cada capítulo.
- Resumo.
- Avalíanse as coincidencias e discrepancias entre autores e/ou a nosa investigación, emitindo opinións propias e/ou novas hipóteses e, se é posible, exponse desenvolvementos futuros posibles e desexables

5. Nova procura bibliográfica. Maior coñecemento. Actualización

6. Redacción do traballo

Unha vez realizada a procura bibliográfica, procedese a elaborar o traballo, que seguirá, a fin informativo, as normas establecidas no presente Regulamento. As normas son diferentes segundo se trate de orixinais (proxectos e traballos de investigación) ou revisións (**Anexo II**).

Bibliografía

Non se deben incluír citas dificilmente alcanzables ou verificables, como resumos de congresos ou comunicacións persoais.

Os autores son responsables da exactitude e adecuada presentación das referencias bibliográficas, que seguirán o estilo Vancouver ou APA. As abreviaturas das revistas non se puntúan. Sen comas despois dos apelidos nin puntos despois das iniciais.

Exs.:

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

a) No caso dunha publicación:

Autor AA, Autor BB, Autor CC. Título do artigo. Nome da revista científica en abreviatura. Ano de publicación;Vol(Nº): páxina inicial-páx. final

- Bekerian DÁ. In search of the typical eyewitness. Am Psychol 1993;48:574-576.
- Klimoski R, Palmer S. The ADA and the hiring process in organisations. Consult Psychol J: Practice and Research 1993; 45(2):10-36.
- Borman WC, Hanson MA, Oppler SH, Pulakos ED, White A. Role of early supervisory experience in supervisor performance. J Appl Psychol 1993;78:443-449.

b) No caso de libros:

Autor AA. Título do traballo (nº edición). Localidade: Editorial; Ano de publicación

- Cone JD, Foster SL. Dissertations and theses from start to finish : Psychology and related fields . Washington, DC, EE.UU.: American Psychological Association; 1993.

c) No caso de capítulo de libro:

Autor AA, Autor BB. Título do capítulo. En: Editor A, Editor B, Editor C, (Director/ Coordinador/Editor). Título do traballo. nº edición. Localidade: Editorial; ano de publicación, p. xxx-xxx.

- Bjork RA. Retrieval inhibition as an adaptative mechanism in human memory. En: Roediger JL, Craik FIM, editores. Varieties of memory & consciousness. Hillsdale, NJ, EE.UU.: Erlbaum; 1989, p. 309-330.

d) No caso de páxina web:

Autor, A. A. Título [sede Web] . Lugar de publicación: Editor; Data de publicación [data de actualización; data de acceso]. Dirección electrónica.

- Francés I, Barandiarán M, Marcellán T, Moreno L. Estimulación psicocognoscitiva nas demencias. An Sist Sanit Navar [revista en Internet]* 2003 setembro-diciembre. [acceso 19 de outubro de 2005]; 26(3). Disponible en: <http://www.cfnavarra.es/salud/anales/textos/vol26/n3/revis2a.html>

Agradecementos

Poderán ser expresados a persoas ou entidades que axudaron á realización do traballo. No seu caso, de acordo cos criterios do Comité Internacional de Editores de Revistas Médicas, mencionaranse as persoas e o tipo de axuda achegada, así como

Regulamento de Traballo de Fin de Mestrado
Facultade de Ciencias da Saude
Universidade da Coruña

as entidades ou institucións que financien ou fornezan materiais. En caso de proxectos de investigación financiados é suficiente mencionar o código de rexistro e a entidade, institución ou fundación que o apoia economicamente.

Conflicto de intereses

Antes da publicación do traballo, os autores confirmarán por escrito a inexistencia dun conflito de intereses. En caso contrario, mesmo da mera sospeita da súa existencia, deberá ser comunicada.

Aspectos éticos na protección de persoas e animais

O autor debe identificar e garantir o cumprimento dos principios éticos e da normativa xurídica referidos á súa investigación. Os estudos realizados con seres humanos deberánse guiar en particular polo respecto da Declaración de Helsinki (<http://www.wma.net/s/ethicsunit/helsinki.htm>), a Convención de dereitos humanos e biomedicina do Consello de Europa. O investigador debe deixar constancia no apartado Aspectos éticos do proceso de consentimento informado, xuntando unha copia da información proporcionada e do documento de obtención do consentimento. Así mesmo, debe garantir o respecto da confidencialidade da información e da protección dos datos de carácter persoal. No caso de experimentos con animais o investigador debe deixar constancia do cumprimento dos procedementos específicos descritos polas autoridades competentes.
